

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018 pola que se realiza a convocatoria pública, para a anualidade 2019, das axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190205/AnuncioC3Q2-030119-0005_gl.pdf

AXUDAS PRESTAMOS PARA REHABILITACION EDIFICIOS E VIVENDAS.

Obxeto da axuda:

- a) Préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas concedidos polas entidades de crédito, no ámbito dos convenios asinados para estes efectos co Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS).
- b) Axudas económicas directas, consistentes na subsidiación dos xuros do préstamo cualificado outorgado pola entidade financeira

Actuacións protexidas

1. Serán actuacións susceptibles de acollerse ao programa de préstamos cualificados as previstas no anexo II da Orde do 19 de setembro de 2016.

No caso de obras consistentes no remate en edificios ou vivendas cuxos paramentos de fachada e/ou cubertas non estivesen finalizados, deberanse cumprir as seguintes condicións para acceder ao programa:

- a) Incluír o remate de todas as fachadas e/ou cuberta da edificación.
 - b) Xustificar que a edificación ten unha antigüidade mínima de dez anos e que foi habitada durante un mínimo de cinco anos.
2. Non se poderán acoller a este programa as obras que afecten elementos decorativos, ornamentais ou instalacións ou reforma de mobiliario, electrodomésticos ou similares.
 3. As actuacións deberán axustarse ao proxecto de execución das obras presentado coa solicitude ou, de ser o caso, á memoria e deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispor de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.
 4. As obras de rehabilitación non poderán estar iniciadas no momento de presentar a solicitude das axudas

Contía da axuda

- a) A porcentaxe da subsidiación dos xuros do préstamo e a súa duración dependerán do nivel de ingresos da unidade de convivencia da persoa prestameira, de acordo co seguinte cadro:

IPREM	Subsidiación máxima	Duración máxima
Menor ou igual a 4	100 % dos xuros	48 meses
Maior de 4 e menor de 5,5	80 % dos xuros	36 meses
Maior de 5,5 e menor de 6,5	Sen subsidiación	Duración do préstamo

b) O importe máximo do préstamo que poderá ser obxecto de subsidiación será de trinta mil euros (30.000 euros) para os préstamos con garantía persoal e de sesenta mil euros (60.000 euros) para os de garantía hipotecaria.

**PRAZO REMATA O 15/10/2019 ou ata agotar o
crédito orzamentario**